

Expediente Nº: 353/2026

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Ampliación excepcional dos horarios de peche dos establecementos abertos ao público con motivo da celebración das Festas de Santiago Apóstolo na parroquia de Antas (A Lama).

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con motivo da celebración das tradicionais Festas de Santiago Apóstolo na parroquia de Antas, no Concello de A Lama que terán lugar os días 24 e 25 de xullo de 2026, prevese unha importante afluencia de veciñanza e visitantes.

SEGUNDO.- Vistas as solicitudes presentadas por D. Benjamín Sobral Outeda, na data 13 de xullo de 2026, (Rexistro 2026-E-RE-411), e Dona. M^a José Custodio Feijóo, na data 21 de xullo de 2026 (Rexistro 2026-E-RE-1119).

TERCEIRO.- A celebración destas festas constitúe un acontecemento de especial interese social, cultural e festivo para o municipio, polo que resulta conveniente autorizar unha ampliación excepcional do horario de peche dos establecementos abertos ao público, co fin de favorecer o normal desenvolvemento das actividades programadas.

CUARTO.- A normativa reguladora dos espectáculos públicos e das actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia permite ás alcaldías autorizar ampliacións excepcionais dos horarios de peche con ocasión de festas locais, patronais ou acontecementos de carácter extraordinario.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

SEGUNDO.- O Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRO.- A Orde da Vicepresidencia primeira e Consellería de presidencia, xustiza e turismo, de 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

CUARTO.- O artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúe á Alcaldía as competencias que lle atribúan as leis e aquelas outras que non estean expresamente atribuídas a outros órganos municipais.

DECRETO
Número: 2026-0650 Data: 22/07/2026

Cod. Validación: 6YA336W465RKZADL5R2HNZCWR
Corrección: <https://concelloalama.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



CONCELLO DE A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

En virtude das competencias que me atribúe a lexislación vixente,

RESOLVO

PRIMEIRO. Autorizar, con carácter excepcional, a ampliación en **DÚAS (2) HORAS** do horario máximo de peche dos establecementos abertos ao público situados na parroquia de Antas, no termo municipal da Lama, durante a celebración das Festas de Santiago Apóstolo da parroquia de Antas, nas noites dos días 24 e 25 de xullo de 2026.

SEGUNDO. A presente ampliación será aplicable exclusivamente aos establecementos e actividades aos que resulte de aplicación a normativa autonómica reguladora dos horarios dos establecementos abertos ao público, debendo respectarse, en todo caso, as restantes condicións establecidas na lexislación vixente, especialmente as relativas á seguridade cidadá, contaminación acústica, protección do descanso veciñal, control de aforos e protección das persoas menores de idade.

TERCEIRO. A ampliación autorizada non exime do cumprimento das obrigas derivadas da normativa sectorial vixente nin das condicións particulares das licenzas ou títulos habilitantes de cada establecemento.

CUARTO. Dar traslado da presente resolución aos solicitantes, á Subdelegación do Goberno en Pontevedra, á Garda Civil, á Policía Autonómica e aos servizos municipais competentes, así como proceder á súa publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de A Lama para o seu xeral coñecemento.

QUINTO. A presente resolución producirá efectos desde as 00:00 horas do primeiro día autorizado ata a finalización do último período de ampliación concedido.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde - Presidente, en A Lama, na data que figura á marxe deste documento asinado electrónicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0650 Data: 22/07/2026

Cod. Validación: 6YA336W465RKZADL5R2HNZCWR
Corrección: <https://concelloidalama.sedelectronica.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

